

## I. DISPOSICIÓNS XERAIS

### PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA

*CORRECCIÓN de erros. Lei 12/2011, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.*

Advertidos erros na citada lei, publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 249, do venres, 30 de decembro de 2011, cómpre efectuar as seguintes correccións:

Na páxina 40743, no artigo 20, onde di: «... as contías establecidas na Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público para o contrato menor, ...», debe dicir: «... as contías establecidas no texto refundido da Lei de contratos do sector público aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, para o contrato menor, ...».

Na páxina 40759, na disposición derradeira terceira. Un, onde di: «... último parágrafo da alínea 2 do artigo 3 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público ...», debe dicir: «... último parágrafo da letra e) da alínea 2 do artigo 3 do texto refundido da Lei de contratos do sector público aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro ...».

Na páxina 40760, na disposición derradeira terceira. Tres, onde di: «... a súa actividade contractual á Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, como administración pública.», debe dicir: «... a súa actividade contractual ao texto refundido da Lei de contratos do sector público aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, como administración pública».